

PROXECTO PARA ANALIZAR AS COMPETENCIAS BÁSICAS

LINGUA GALEGA E LITERATURA 3º ESO

O DEPORTE		
INVESTIGACIÓN	ESTUDO DUN DEPORTE	REALIZACIÓN VIDEO SOBRE DEPORTE

Con esta tarefa que se realizará ao longo do curso preténdese avaliar as competencias básicas do alumnado de 3º da ESO. Traballarase cada unha das oito competencias co fin de que os alumnos adquiren as destrezas precisas para desenvolverse mellor na sociedade actual.

1ª FASE: INVESTIGACIÓN. (1ª AVALIACIÓN)

- ❖ Nesta fase investigaremos sobre conceptos xerais: os diferentes beneficios que aporta o deporte na vida e no desenvolvemento dos adolescentes:
 - O deporte como elemento que axuda no proceso de socialización do individuo.
 - Os beneficios do deporte na sociedade actual.
 - Os niveis de práctica da Educación Física en diferentes países.
 - Os niveis de práctica deportiva no teu concello (Narón)
- ❖ Investigaremos sobre o máis próximo, o máis achegado a nós: a nosa familia, os nosos amigos.

Para iso realizaremos unha enquisa coma esta ou similar:

1.- Practicas algún deporte?

SI
NON

2.- No caso positivo, canto tempo lle dedicas semanalmente?

2 horas	3 horas	4 horas	Máis de 3 horas
---------	---------	---------	-----------------

3.- Que deporte ou deportes practicas?

--	--	--

4.- Por que practicas deporte?

--

5.- Desde cando o practicas?

6.-Indica tres beneficios que che aporte a práctica deportiva:

--	--	--

7.- (Para os que contestaron NON na primeira cuestión) Por que non practicas deporte?

--

8.- Gustaríache practicar algunha actividade deportiva?

SI
NON

9.- Que necesitarías para poder facer algún tipo de deporte?

--

10.- Enumera por orde de importancia tres deportes:

A enquisa deberá ser realizada a dez persoas como mínimo. Cada alumno do grupo fará as súas e logo xuntaranse todas para facer unha análise da situación.

Requisitos básicos:

- **PRESENTACIÓN:**

- A presentación debe ser coidada, limpa e ordenada. Os conceptos deben estar definidos con claridade.

- **ESTRUTURA:**

- **PORTADA:** nela aparecerá o título do traballo, nome e apelidos dos alumnos do grupo e o curso.
- **INDICE:** os títulos dos diferentes apartados e a páxina na que se encontran.
- **O CORPO DO TRABALLO:** reflectirá a análise feita polo grupo sobre a importancia da actividade deportiva en xeral e, particularmente na contorna familiar do grupo.
 - **BIBLIOGRAFIA:** referencia ás fontes de información utilizadas tanto impresas como dixitais.

CORRECCIÓN ORTOGRÁFICA E GRAMATICAL:

- É importante utilizar de forma correcta os signos de puntuación para que o escrito resulte coherente e claro.
- Tamén é importante a corrección na redacción: uso dun léxico preciso e adecuado e a utilización de estruturas gramaticais correctas. Débense evitar as repeticións de palabras, as frases feitas, as palabras cuxo significado non coñezas.
- O rexistro lingüístico debe ser o adecuado, evítase o uso da linguaxe coloquial.